



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

NORMATIVA PARA A INCLUSIÓN DE PROBAS E ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA DE ATLETISMO NO CALENDARIO OFICIAL FGA 2026

ÍNDICE

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN	2
2. ENTIDADES ORGANIZADORAS E TIPOLOXÍA DE PROBAS	2
2.1. Entidades organizadoras	2
2.2. Tipoloxía de probas	2
3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.....	3
3.1. Formulario de solicitude	3
3.2. Prazos de solicitude.....	3
3.3. Aprobación	3
4. NORMAS XERAIS.....	4
4.1. Obrigas da organización.	4
4.2. Disposicións e responsabilidades xerais	4
5. NORMAS ESPECÍFICAS SEGUNDO MODALIDADE	5
5.1. Probas en pista (Pista Curta e Aire Libre).....	5
5.2. Probas en ruta, campo a través e trail running.....	5
6. NORMAS ESPECÍFICAS EN CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA	6
6.1. Requisitos da organización.....	6
6.2. Tecnoloxía e control técnico	6
6.3. Comunicación e imaxe	6
6.4. Custos e responsabilidades	7
7. DISPOSICIÓNS FINAIS	7
 Anexo 1. Tarifas Servizos FGA	 8
Anexo 2. Funcións da organización e da dirección técnica (DT) nunha competición en pista ...	12
Anexo 3. Edicións Campionatos Xunta de Galicia	14



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente normativa regula o procedemento e os requisitos necesarios para a inclusión de probas de atletismo no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA) durante a tempada 2026, así como as condicións para a organización dos Campionatos Xunta de Galicia.

O seu ámbito abrangue todas as competicións oficiais que se desenvolvan en territorio galego nas seguintes modalidades:

- Atletismo en pista (curta e aire libre)
- Carreiras en ruta
- Campo a través
- Trail running

2. ENTIDADES ORGANIZADORAS E TIPOLOXÍA DE PROBAS

2.1. Entidades organizadoras

Poderán solicitar a inclusión de probas no calendario oficial:

- Clubs afiliados á FGA.
- Institucións públicas.
- Asociacións e entidades privadas.
- Empresas organizadoras debidamente rexistradas.

2.2. Tipoloxía de probas

As probas poderán ser de carácter autonómico, nacional e internacional, segundo a súa categoría e alcance deportivo.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

3.1. Formulario de solicitude

As solicitudes para a inclusión de probas no calendario oficial da FGA deberán tramitarse exclusivamente a través da seguinte ligazón:

<https://atletismo.gal/xestions/solicitude-de-probas/>

Cada organizador deberá cubrir o formulario en liña indicando:

- Datos da entidade organizadora.
- Denominación da proba, data e lugar.
- Tipo de proba e categorías.
- Previsión de participantes.
- Información técnica e servizos previstos.

3.2. Prazos de solicitude

- As probas deberán solicitarse cunha antelación mínima de 20 días naturais respecto á súa celebración.
- Os Campionatos Xunta de Galicia solicitados antes das 20:00 horas do 15 de decembro de 2025 terán preferencia sobre as solicitudes posteriores.
 - A partir do 16 de decembro de 2025, as sedes poderán ser concedidas por orde de chegada, sempre que cumpran os requisitos técnicos e organizativos.

3.3. Aprobación

A FGA valorará a viabilidade das probas e rexeitaranse aquelas que non sexan compatibles co calendario en vigor ou no cumpran co recollido na normativa.

A Dirección Técnica, o Comité Galego de Xuíces e a Delegación correspondente emitirán un informe sobre cada solicitude no prazo máximo de tres días hábiles, e a resolución comunicarse á entidade promotora por correo electrónico.

No que respecta aos Campionatos Xunta de Galicia, a designación de sede corresponderá á Xunta Directiva da FGA.

4. NORMAS XERAIS

4.1. Obrigas da organización

A entidade organizadora da proba deberá cumprir as seguintes disposicións:

4.1.1. Cumprimento normativo e técnico

- Cumprir as normas da FGA, RFEA e organismos superiores.
- Respectar as categorías oficiais, distancias e regulamentos técnicos.
- Contar co xurado designado polo Comité Galego de Xuíces (CGX).
- Cumprir a normativa vixente en materia de seguridade e asistencia sanitaria.

4.1.2. Seguridade e protección de datos

- Garantir a seguridade das persoas participantes e do público.
- Conservar e tratar os datos das persoas participantes conforme á Lei de Protección de Datos.

4.1.3. Comunicación coa FGA e identidade institucional

- Manter comunicación fluída coa FGA antes, durante e despois do evento.
- Incluír visiblemente o logotipo oficial da FGA en todas as comunicacións, publicidade e materiais gráficos.
- Non se poderán empregar imaxes nin símbolos que poidan inducir confusión coa identidade oficial da Federación.

4.1.4. Aspectos económicos

- Os gastos derivados de xuíces, persoal e servizos FGA, serán asumidos pola entidade organizadora segundo as tarifas oficiais vixentes.
 - As facturas correspondentes emitiranse unha vez transcorridas 48 horas desde a finalización da proba.
- O incumprimento dos prazos ou das obrigas económicas poderá supoñer a exclusión do calendario oficial en seguintes edicións.

4.2. Disposicións e responsabilidades xerais

- A autorización dunha proba pola Federación Galega de Atletismo non implica relación contractual coa mesma.
- Toda a responsabilidade civil, administrativa ou penal derivada de calquera incidente durante a celebración do evento recaerá exclusivamente sobre a entidade organizadora.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

5. NORMAS ESPECÍFICAS SEGUNDO MODALIDADE

5.1. Probas en pista (Pista Curta e Aire Libre)

- Dispor dunha instalación deportiva homologada pola RFEA e cumprir os requisitos técnicos regulamentarios.
- A organización deberá garantir as funcións que lle son atribuídas no [Anexo 2](#).

5.2. Probas en ruta, campo a través e trail running

- Recoméndase empregar cronometraxe con chips, en prol dunha mellor garantía de éxito na organización da proba.
- As probas deberán contar coa autorización municipal e, se procede, da Xunta de Galicia ou da autoridade competente en materia de permisos e seguridade.
- O organizador deberá garantir o cumprimento da normativa de seguridade e protección ambiental.
- O organizador deberá remitir os resultados oficiais en formato Excel (con nome, apelidos, categoría, data de nacemento, dorsal, posto, tempo final e número de licenza) e en formato PDF coas clasificacións xerais e por categorías aos correos: secretaria@atletismo.gal e info@carreirasgalegas.com unha vez remate a proba (recomendable) e dentro das 24 horas posteriores á finalización do evento para a publicación dos resultados oficiais e para a tramitación ante a compañía de seguros das licenzas de día.
 - No caso de non recibirse dentro das 24 horas seguintes á finalización da proba, a FGA facturará segundo o número de participantes inscritos.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

6. NORMAS ESPECÍFICAS EN CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA

6.1. Requisitos da organización

- Dispor dunha instalación deportiva ou circuïto homologados pola RFEA, así como cumprir os requisitos técnicos correspondentes.
- Dispor dun equipo de megafonía.
- As comunicacións e locucións deberán realizarse en lingua galega.
- Contar con servizos médicos e/ou ambulancia desde 30 minutos antes do inicio da proba e ata o seu remate.
- Unha vez outorgada a organización dun Campionato Xunta de Galicia, a entidade promotora estará obrigada a formalizar o correspondente contrato ou orzamento coa FGA, asumindo as condicións e os gastos derivados da organización. En caso de renuncia, deberá aboar os custos xerados ata ese momento.

6.2. Tecnoloxía e control técnico

- Nas probas de pista é obrigatorio o uso de sistema de Foto Finish.
- En ruta, campo a través e trail running é obrigatorio empregar o sistema de cronometraxe por chip da FGA, agás excepcións autorizadas pola Xunta Directiva.

6.3. Comunicación e imaxe

- A publicidade e os materiais gráficos deberán incluír visiblemente os logotipos da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, de Deporte Galego, da FGA e aqueles outros que esta estableza.
- O cartel oficial deberá remitirse á FGA aos e-mails organizacion@atletismo.gal e comunicacion@atletismo.gal para a súa aprobación con 7 días de antelación á súa difusión, e como mínimo 30 días antes do Campionato.
- Recoméndase realizar unha rolda de prensa previa, coordinada coa área de Comunicación da FGA (comunicacion@atletismo.gal).



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

6.4. Custos e responsabilidades

Serán por conta do organizador:

- Honorarios de xuíces e persoal técnico.
- Servizos médicos e ambulancia.
- Secretarías, megafonía e persoal auxiliar.
- Homologación de instalacións ou circuítos.
- Equipos técnicos específicos da proba (chips, foto finish, etc.).
- Outros servizos solicitados.

A FGA asumirá:

- A dotación de medallas e trofeos oficiais.
- O desprazamento de directivos e persoal designado para representar á Federación no Campionato.

7. DISPOSICIÓNS FINAIS

A presente normativa entra en vigor na data da súa publicación e será aplicable ás competicións que se celebren desde ese momento ata o remate da tempada 2026 (31/12/2026).

A FGA resérvase o dereito de interpretar e modificar as disposicións aquí recollidas cando resulte necesario por razóns técnicas ou organizativas.



Anexo 1. Tarifas Servizos FGA

1. Canon inclusión en Calendario FGA

1.1. Pista

Nas probas de pista non se repercutirá canon sobre o organizador.

1.2. Ruta, Campo a Través e Trail Running

	Sen premios en metálico	Con premios en metálico
Calendario Autonómico	185,00 €	250,00 €
1ª edición	SEN CUSTE	SEN CUSTE
1ª inclusión en calendario autonómico	SEN CUSTE	SEN CUSTE
Carreiras solidarias	75,00 €	250,00 €
Calendario Nacional nivel 1 ⁽¹⁾	250,00 €	250,00 €
Calendario Internacional ⁽¹⁾	360,00 €	360,00 €

(1) O organizador deberá abonar á RFEA, de ser o caso, as súas tarifas correspondentes.

1.3. Campionatos Xunta de Galicia

Absoluto PC/AL	1.000,00 €
Absoluto Campo a Través	1.000,00 €
Montaña/Trail Running	500,00 €
Ruta	500,00 €
Campionatos restantes	300,00 €



2. Tarifas e Servizos Xerais

	Prezo/u	Tarifa/Tempo
Seguro RC participantes	SEN CUSTE	
Seguro RC organizador	SEN CUSTE	
Publicidade en webs oficiais FGA	SEN CUSTE	
Publicación dos resultados	SEN CUSTE	
Arbitraje (Comité Galego de Xuíces)	(ligazón ás tarifas)	
Dorsal	0,28 €	
<i>Deseño Dorsal Xenérico ⁽²⁾</i>	SEN CUSTE	
<i>Deseño Dorsal Personalizado</i>	20,00 €	Por competición
Imperdibles (1000 u)	20,00 €	
Deseño Cartel	60,00 €	Por competición
Equipo de Megafonía ⁽³⁾	150,00 €	Por xornada
<i>Locutor</i>	A presupostar	Por xornada
Streaming ⁽⁴⁾	750,00 €	Por xornada
<i>Cámara adicional</i>	76,50 €	Por xornada
Pantalla Resultados ⁽⁵⁾	75,00 €	Por xornada
<i>Montaxe Pantallas</i>	A presupostar	Por competición
<i>Operador Pantallas</i>	50,00 €	Por xornada
Podio	50,00 €	
Xerador ⁽⁶⁾	75,00 €	Por competición
Transporte Material e Persoal Técnico	A presupostar	Por día
Dirección Técnica - Asesoría ⁽⁷⁾	A presupostar	Por competición
Director Competición ⁽⁸⁾	150,00 €	Por xornada
GASTOS CANCELACIÓN (segundo momento/antelación da comunicación)		
<i>Máis (>) de 72 horas sobre inicio da competición</i>	30,00 €	
<i>Menos (≤) de 72 horas sobre inicio da competición</i>	Abono de gastos xerados (Xuíces, Persoal e Servizos)	

(2) Inclúe nome do evento, numeración e logo FGA.

(3) Inclúe 2 altosfalantes, mesa de mesturas e micrófono.

(4) Inclúe realizador e dúas cámaras.

(5) Inclúe software e ordenador.

(6) Non inclúe consumo.

(7) Supervisión e garantía do cumprimento da normativa deportiva vixente, con apoio técnico, organizativo e de seguridade para o correcto desenvolvemento da proba.

(8) Designación dun responsable para coordinar, supervisar e controlar o desenvolvemento técnico da proba, garantindo o cumprimento da normativa federativa, a correcta execución do programa de competición, a coordinación cos xuíces, a resolución de incidencias e a seguridade deportiva durante todo o evento.

3. Tarifas e Servizos Específicos

3.1. Pista

	Prezo/u	Tarifa/Tempo
Preparación pista e Desmontaxe	153,00 €	Por competición
Persoal de campo Competición	30,61 €	Por xornada
Secretaría Competición (xestión resultados)	61,22 €	Por xornada
Montaxe Secretaría ⁽⁹⁾	30,61 €	Por competición
Equipo de Fotofinish	SEN CUSTE	Por competición
Equipo de Fotofinish de reforzo ⁽¹⁰⁾	100,00 €	Por xornada
Material Funxible - Pista	50,00 €	Por xornada

(9) 61,22€ para Montaxe complexo (ligas nacionais con sorteo específico, etc.).

(10) Desprazamento non incluído.

3.2. Carreirasgalegas

	Prezo/u	Tarifa/Tempo
Plataforma inscrición Carreiras Galegas	SEN CUSTE	
Pasarela de pago Carreiras Galegas	SEN CUSTE	
Xestión de Resultados con Chips FGA	SEN CUSTE	
Xestión de Resultados sen Chips ⁽¹¹⁾	76,50 €	Por xornada
Licenza de Día > 16 anos	1,00 €	Por día
Licenza de Día ≤ 16 anos	0,60 €	Por día
Cronometraxe Chips - 1º Equipo (4 m)	350,00 €	Por xornada
Cronometraxe Chips - 1º Equipo (6 - 8 m)	600,00 €	Por xornada
<i>Equipo adicional (4 m)</i>	250,00 €	Por xornada
Persoal cronometraxe	142,80 €	Por xornada
<i>Persoal/Equipo adicional</i>	86,70 €	Por xornada
Chip ⁽¹²⁾	1,00 €	
Arco de Meta ⁽¹³⁾	50,00 €	Por xornada
Reloxo Dunha Cara ⁽¹³⁾	50,00 €	Por xornada
Reloxo Dobre Cara	75,00 €	Por xornada
Material Funxible (Ruta/Campo a Través/Trail)	30,00 €	Por xornada

(11) Participación e fiabilidade inversamente proporcionais. Recoméndase o cronometraxe con chips.

(12) Vinculado á contratación de Dorsais FGA.

(13) Gratuito con Cronometraxe FGA (incluirla tamén, neste caso, a colocación).



3.3. Trail Running

	Prezo/u	Tarifa/Tempo
Licenza de Dia Trail Running	1,40 €	Por día
Balizaxe	61,20 €	Por xornada
Recollida balizaxe	61,20 €	Por xornada
Revisión física do trazado	45,90 €	Por xornada
Revisión técnica do percorrido ⁽¹⁴⁾	45,90 €	Por xornada
Material FGA Trail Running ⁽¹⁵⁾	SEN CUSTE <i>(devolución do material ordenado e limpo)</i>	
<i>Balizas e bandeirolas⁽¹⁶⁾</i>		
<i>Recipientes 30 litros⁽¹⁶⁾</i>		

(14) Obrigatoria en carreiras con incidencias na edición anterior.

(15) A disposición para Campionatos Xunta de Galicia, Serie Ouro e Serie Prata con cronometraxe FGA consta de Arco de meta Lurbel, Bandeiras Lurbel, Bandeiras Galicia Trail Series, Alfombra de meta e 2xLonas de 5m Lurbel.

(16) A disposición con cronometraxe FGA.

3.4. Oposicións

	Prezo/u	Tarifa/Tempo
Taxa federativa	200,00 €	Por xornada
Arbitraxe (Comité Galego de Xuíces)	(ligazón ás tarifas)	
Suplemento Xuíz Oposición	30,61 €	Por xornada
Montaxe Secretaría	30,61 €	Por oposición

4. Duración da Xornada

- A xornada corresponde a 4 horas de traballo, contabilizadas dende o inicio da competición.
- No caso de que a competición se desenvolva en sesións de mañá e tarde, cada unha delas considerarase unha xornada independente.
- No caso de superar o tempo establecido para unha xornada, aplicaranse as seguintes recargas segundo o cargo desempeñado:

Arbitraxe (CGX), Persoal de Campo	>4 horas a 4h 30'	> 4 horas e 30'
Competición, Secretaría Competición	+50% tarifa	+100% tarifa
Locutor, Cámara Adicional, Operador Pantalla, Streaming, Persoal Cronometraxe, Persoal/Equipo adicional e Servizos Específicos de Trail Running	+25% tarifa por hora	

Anexo 2. Funcións da organización e da dirección técnica (DT) nunha competición en pista

1. Organizador

1.1. Pre

- Garantir o acceso á instalación e ao material de competición 90 minutos antes do inicio desta para a súa preparación.
- Garantir o persoal suficiente para a preparación das zonas de concursos, cámara de chamadas, área de penalización de marcha e colocación de valos.
 - O DT poñerá en contacto coa Organización, como mínimo 5 días antes do inicio da competición, para definir o número de persoal necesario.
 - O persoal deberá estar a disposición do DT 90 minutos antes do inicio da competición, salvo que este lles requira con menor antelación e así o comunique á Organización e á Delegación.
 - Se a organización non dispón do persoal requirido ou non pode poñer a instalación e o material a disposición nos tempos establecidos, ditas funcións poderán ser asumidas pola FGA, segundo tarifa.

1.2. Durante

- Garantir o persoal suficiente durante a competición para: restrelo dos fosos, devolución de artefactos, desprazamento e colocación de valos/obstáculos, desprazamento de tacos e prismas de saída, tirar da cinta métrica nos concursos, marcadores de concursos, auga nas carreiras longas, e aquelas outras cuestións de índole similar.
 - Deben estar na pista 45 minutos antes do inicio da competición, salvo que sexan as mesmas persoas que realicen a preparación e xa estean con anterioridade.

1.3. Post

- Garantir o persoal suficiente ao rematar a competición para recoller todo o material situado na pista.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

2. Director Técnico da Competición (DT)

- Comunicar á Organización, como mínimo 5 días antes do inicio da competición, a antelación e a cantidade de persoal requirido para o seguinte:
 - Labores de preparación previas.
 - O persoal debe ser un número suficiente e axeitado que, sendo convocado con un máximo de 90 minutos antes do inicio da competición, garanta o seu inicio en hora.
 - Unha vez realizada a preparación, poderán formar parte do persoal de pista que actúe durante a competición.
 - Labores necesarias durante a competición.
- O Persoal deberá estar na instalación, como norma xeral, 90 minutos antes do inicio da competición.
 - No caso de requirir menos tempo, deberá poñelo en coñecemento da Organización e da Delegación correspondente.
 - A hora de presentación poderá sufrir cambios máis aló do prazo establecido, sempre que as modificacións que se poidan presentar no horario definitivo da competición o xustifiquen, debendo ser comunicado á Organización e á Delegación coa maior brevidade posible.
- Supervisar e colaborar na preparación da pista antes do inicio da competición (sectores, valos, tacos de saída, anemómetros, material de xuíces, cámara de chamadas, área de penalización ...).
- Coordinar e dirixir o traballo do persoal aquí recollido, formando parte do equipo de traballo e colaborando no que sexa necesario.
- Homologar os artefactos a utilizar na competición.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Anexo 3. Edicións Campionatos Xunta de Galicia 2026

Modalidade	Campionato	Edición	
Aire Libre	Absoluto Individual Homes	93	XCIII
Aire Libre	Absoluto Individual Mulleres	53	LIII
Aire Libre	Sub23 Individual	36	XXXVI
Aire Libre	Sub20 Individual	38	XXXVIII
Aire Libre	Sub18 Individual	30	XXX
Aire Libre	Sub16 individual	38	XXXVIII
Aire Libre	Sub14 Individual	35	XXXV
Aire Libre	Sub12 Individual	34	XXXIV
Aire Libre	Sub10 Individual	17	XVII
Aire Libre	Máster Individual	39	XXXIX
Aire Libre	10.000 m. Absoluto, Sub23 e Máster	25	XXV
Aire Libre	5.000 m. Sub18 e Sub20	25	XXV
Aire Libre	Memorial Alejandro Gómez	6	VI
Aire Libre	Marcha de Inverno	19	XIX
Aire Libre	Copa Clubs Absoluta	38	XXXVIII
Aire Libre	Copa Clubs Máster	9	IX
Aire Libre	Sub20 Clubs	34	XXXIV
Aire Libre	Sub16 Clubs	42	XLII
Aire Libre	Sub14 Clubs	13	XIII
Aire Libre	Sub12 Clubs	13	XIII
Aire Libre	Sub10 Clubs	13	XIII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Absoluto	13	XIII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Sub23	13	XIII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Sub20	7	VII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Sub18	8	VIII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Sub16	8	VIII
Aire Libre	Lanzamentos Longos Máster	10	X
Aire Libre	Péntatlon Lanzamentos Máster	11	XI
Aire Libre	Clubs Combinadas	12	XII
Aire Libre	Combinadas Máster 2026	26	XXVI
Pista Curta	Absoluto	41	XLI
Pista Curta	Sub23	30	XXX
Pista Curta	Sub20	30	XXX
Pista Curta	Sub18	30	XXX
Pista Curta	Sub16	37	XXXVII
Pista Curta	Sub14	23	XXIII
Pista Curta	Sub12	21	XXI
Pista Curta	Sub10	18	XVIII
Pista Curta	Máster	21	XXI
Pista Curta	Clubs Combinadas	12	XII
Pista Curta	Copa Clubs Absoluta	21	XXI
Pista Curta	Copa Clubs Máster	8	VIII
Pista Curta	Clubs Sub16	2	II
Pista Curta	Trofeo ABANCA	14	XIV



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Modalidade	Campionato	Edición	
Campo a Través	Absoluto Individual Homes	91	XCI
Campo a Través	Absoluto Individual Mulleres	59	LIX
Campo a Través	Sub23 Individual Homes	59	LIX
Campo a Través	Sub23 Individual Mulleres	45	XLV
Campo a Través	Sub20 Individual Homes	59	LIX
Campo a Través	Sub20 Individual Mulleres	45	XLV
Campo a Través	Sub18 Individual Homes	54	LIV
Campo a Través	Sub18 Individual Mulleres	45	XLV
Campo a Través	Sub16 Individual	38	XXXVIII
Campo a Través	Sub14 Individual	34	XXXIV
Campo a Través	Sub12 Individual	34	XXXIV
Campo a Través	Sub10 Individual	26	XXVI
Campo a Través	Memorial Alejandro Lorenzo	29	XXIX
Campo a Través	Máster Individual	39	XXXIX
Campo a Través	Remudas Mixto	8	VIII
Ruta	Maratón	14	XIV
Ruta	Medio Maratón Homes	33	XXXIII
Ruta	Medio Maratón Mulleres	27	XXVII
Ruta	10 Km Ruta	15	XV
Ruta	5 Km Absoluto-Sub23-Sub20-Sub18-Máster	18	XVIII
Ruta	Milla en Ruta	17	XVII
Ruta	1 Km Menores	17	XVII
Ruta	Marcha en Ruta	37	XXXVII
Trail Running	Classic	11	XI
Trail Running	Classic por clubs	11	XI
Trail Running	Preclassic	3	III
Trail Running	Subida Vertical	2	II
Trail Running	Maratón	2	II
Trail Running	Ultra	2	II
Trail Running	Carreiras de Montaña	18	XVIII